

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:40 horas do día 18/02/22, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D^a, ANA M^a MEJIAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D^a NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D^a M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D^a MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 24/01/2022.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓN DE ÁMBITO ESTATAL PARA O ANO 2022

Polo presidente da Comisión dáse conta da aprobación das bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito estatal para o ano 2022 por un importe de 800.000,00 €.

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que contén polo menos cun equipo rexistrado nalgunha das competicións oficiais de ámbito estatal recollidas na base cuarta.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

As entidades solicitantes desta convocatoria non poderán presentar solicitudes na convocatoria de ámbito inferior ao estatal.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

2.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:42 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

